



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Decembro 2017

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Decembro 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia un 1,1% en decembro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, catro décimas menos que en España (1,5%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento nas vendas do 0,7% e o Resto de produtos do 1,6%.
- En todas comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas en decembro agás País Vasco e Extremadura.
- No conxunto do ano, o índice aumenta un 1,7% en Galicia e un 1,2% en España.
- En todas as comunidades autónomas crecen as vendas no ano 2017 agás Extremadura, Cataluña e País Vasco.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,0% no mes de decembro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, cinco décimas menos que no conxunto de España (2,5%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,3% en Galicia e o 1,2% no conxunto do Estado.
- En todas as comunidades autónomas crece a ocupación no mes de decembro agás País Vasco, Castilla y León e Castilla - La Mancha.
- No conxunto do ano, a ocupación incrementábase un 1,5% en Galicia e un 1,7% no conxunto de España.
- O emprego crece en todas as comunidades autónomas no ano 2017.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 1,1% no mes de decembro. A nivel nacional o índice aumenta o 1,5%.


O índice xeral sen estacións de servizo crece o 1,1% respecto a decembro de 2016. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 0,7% e achega 0,2 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación aumentan un 1,5%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 1,6% e achega 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas aumentan o 2,0%.

No conxunto do ano, as vendas incrementáronse un 1,7% en Galicia e un 1,2% en España. Desagregando por produtos, as vendas en Alimentación aumentaron máis en España (2,1%) que en Galicia (0,4%) mentres que no Resto creceron máis as vendas en Galicia (2,5%) que a nivel nacional (1,2%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan as súas vendas en decembro agás País Vasco (-0,6%) e Extremadura (-0,3%). As taxas máis elevadas danse en Canarias (3,4%) e Madrid (3,3%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Decembro 2017

Taxas de variación en %



No conxunto do ano, Canarias (3,2%) e Illes Balears (2,8%) rexistran os maiores incrementos mentres que en tres comunidades diminúen as vendas: Extremadura e Cataluña (ambas as dúas -0,2%) e País Vasco (-0,1%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de decembro de 2017, un crecemento do 2,0% en Galicia, cinco décimas menos que en España (2,5%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta en Galicia un 1,8% e en España un 2,5%. Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 2,1%, 1,2 puntos menos que en España (3,3%). O Resto de produtos crece tres décimas menos en Galicia (1,6%) que no conxunto de España (1,9%).

No conxunto do ano, o índice xeral aumenta un 4,1% en Galicia e o 3,5% en España. As vendas en Galicia incrementáronse na Alimentación un 1,8% e no Resto un 4,1%. No conxunto de España as vendas en Alimentación creceron un 3,4% e no Resto un 2,6%.

Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2017				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	123,9	2,0	4,1
	Xeral sen estacións de servizo	123,3	1,8	3,2
	Alimentación	127,8	2,1	1,8
	Resto	119,9	1,6	4,1

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	0,8	1,8
Xeral sen estacións de servizo	0,7	3,2

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,5%.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,3% no mes de decembro en Galicia, inferior ao do conxunto de España (1,2%).

No conxunto do ano, a ocupación crece en Galicia o 1,5%, dúas décimas menos que en España, 1,7%.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en decembro en todas as comunidades autónomas agás País Vasco (-0,3%) e Castilla y León e Castilla – La Mancha (ambas as dúas -0,1%).

Os maiores incrementos danse en Canarias (3,2%), Asturias (2,8%) e Murcia (2,7%).

No conxunto do ano, en todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación. Os maiores crecementos danse en Canarias (4,8%) e Illes Balears (4,2%) e os menores en Castilla - La Mancha (0,5%), Cantabria (0,7%) e Andalucía (0,9%).

Índice xeral de ocupación. Decembro 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = \left({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t} \right) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$ é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	123,9	2,0	4,1	112,6	1,1	1,7
Xeral sen estacións de servizo	123,3	1,8	3,2	112,0	1,1	1,4
Alimentación	127,8	2,1	1,8	111,9	0,7	0,4
Resto	119,9	1,6	4,1	111,4	1,6	2,5
España						
Xeral	119,2	2,5	3,5	108,7	1,5	1,2
Xeral sen estacións de servizo	121,2	2,5	2,9	110,3	1,7	1,3
Alimentación	130,7	3,3	3,4	114,3	1,5	2,1
Resto	115,0	1,9	2,6	107,0	2,0	1,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	102,1	3,5	4,5	94,5	2,6	2,1
Xeral sen estacións de servizo	100,0	3,4	3,7	92,8	2,7	1,9
Alimentación	105,5	3,7	2,3	92,5	2,1	0,8
Resto	96,4	3,2	4,6	92,9	2,9	2,8
España						
Xeral	100,2	2,1	3,6	92,7	1,2	1,4
Xeral sen estacións de servizo	100,4	2,1	3,1	92,7	0,7	1,4
Alimentación	110,1	2,2	3,5	96,3	0,6	2,2
Resto	93,7	1,0	2,7	89,8	0,9	1,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	119,2	2,5	3,5	108,7	1,5	1,2
Andalucía	112,5	2,4	3,6	102,6	1,4	1,3
Aragón	116,3	2,7	3,6	106,6	2,2	1,6
Asturias	109,8	1,8	3,0	100,5	1,2	1,0
Balears, Illes	122,2	2,3	5,2	110,9	1,2	2,8
Canarias	141,3	4,7	5,3	133,7	3,4	3,2
Cantabria	117,9	2,4	2,7	105,9	1,2	0,4
Castilla y León	115,9	1,1	3,3	105,3	0,2	0,8
Castilla-La Mancha	111,0	3,4	3,9	101,2	2,3	1,3
Cataluña	121,0	1,6	2,3	107,9	0,2	-0,2
Comunitat Valenciana	118,7	2,7	3,2	108,8	1,8	1,1
Extremadura	115,5	0,3	1,7	106,4	-0,3	-0,2
GALICIA	123,9	2,0	4,1	112,6	1,1	1,7
Madrid	123,0	4,4	4,1	113,5	3,3	1,9
Murcia, Región de	110,0	3,1	3,3	100,5	2,8	1,5
Navarra	119,4	1,9	4,2	110,2	1,8	2,6
País Vasco	117,8	0,3	2,1	107,1	-0,6	-0,1
Rioja, La	122,3	2,1	5,0	110,2	1,4	2,5
Ceuta	109,6	-0,1	0,9	102,9	-0,5	-1,0
Melilla	112,6	1,0	0,5	105,8	-0,4	-1,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	100,8	0,3	1,5
Xeral sen estacións de servizo	100,6	0,2	1,3
España			
Xeral	101,7	1,2	1,7
Xeral sen estacións de servizo	101,9	1,2	1,7

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,7	1,2	1,7
Andalucía	96,1	0,3	0,9
Aragón	99,7	0,5	1,4
Asturias	97,7	2,8	2,8
Balears, Illes	109,1	1,5	4,2
Canarias	113,1	3,2	4,8
Cantabria	102,9	0,1	0,7
Castilla y León	100,7	-0,1	1,1
Castilla-La Mancha	100,3	-0,1	0,5
Cataluña	104,1	1,0	1,2
Comunitat Valenciana	104,8	1,7	2,1
Extremadura	103,5	0,6	1,7
GALICIA	100,8	0,3	1,5
Madrid	100,0	2,3	1,8
Murcia	99,1	2,7	2,6
Navarra	99,2	0,2	1,4
País Vasco	101,5	-0,3	1,1
Rioja, La	104,3	2,1	2,1
Ceuta	104,8	1,5	1,3
Melilla	105,5	2,2	1,4

Fonte: INE